

Corrección de erros.-Orde do 23 de febreiro de 2010 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar en réxime de oferta concertada durante a campaña de verán de 2010.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 45, do 8 de marzo de 2010, procede efectuar as seguintes correccións:

-Na páxina 2.995, artigo 10, columna esquerda, parágrafo primeiro, segunda liña, onde di: «...os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no anexo I da Orde do 4 de febreiro de 2009, pola que se fixan as tarifas e prezos en servizos de xuventude nas instalacións xuvenís para o ano 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro)», debe dicir: «...Os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no anexo I da Orde do 18 de febreiro de 2010, pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2010. (DOG nº 39, do 26 de febreiro de 2010).».

-Na páxina 2.995, columna dereita, o anexo I debe substituírse polo seguinte:

ANEXO I

Provincia	Instalación xuvenil	Datas 2010	Nº prazas ofertadas	Total de prazas
A Coruña	Albergue xuvenil Gandarío-Bergondo	16-30 de xuño	30	900
		16-30 de setembro	100	
	Albergue xuvenil Mariña Española-Sada	20-31 de agosto	100	
		1-15 de setembro	100	
	Campamento xuvenil Furelos-Melide	18-29 de agosto	60	
	Campamento xuvenil Virxe de Loreto-Porto do Son	17-28 de xullo	50	
		2-13 de agosto	80	
		18-29 de agosto	150	
	Campamento xuvenil Espiñeira-Boiro	17-28 de xullo	30	
2-13 de agosto		100		
18-29 de agosto		100		
Lugo	Albergue xuvenil Area-Viveiro	15-29 de xuño	120	445
	Campamento xuvenil A Devesa-Ribadeo	2-13 de agosto	50	
		18-29 de agosto	175	
	Albergue xuvenil Benigno Quiroga-Portomarín	11-18 de agosto	50	
20-27 de agosto		50		
Ourense	Campamento xuvenil Penedos de Xacinto-Entrimo	15-26 de agosto	50	50
Pontevedra	Residencia xuvenil Altamar-Vigo	2-13 de agosto	30	230
	Illa de Ons	18-29 de agosto	60	
	Pontemarl	18-29 de agosto	140	
				1.625

CONSELLERÍA DO MAR

Corrección de erros.-Orde do 22 de xaneiro de 2010 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a investimentos no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convoca para o exercicio 2010 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto.

Advertido erro na Orde do 22 de xaneiro de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 19, do venres 29 de xaneiro, cómpre realizar a oportuna corrección:

No número 5 da epígrafe de Outra documentación do anexo A4, páxina 1.139, deben eliminarse os seguintes parágrafos:

-Comprobación da inscrición no Rexistro de Centros de Acuicultura de Augas Continentais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

-Autorización necesaria para realizar o investimento solicitado da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e/ou da confederación hidrográfica que corresponda.

O contido do citado número quedaría como segue:

5) No caso de embarcacións auxiliares de acuicultura:

Proxecto elaborado por técnico competente e certificación actualizada do Rexistro Mercantil, acreditativa da propiedade do buque. Ademais terase en conta o seguinte:

-Se o solicitante é unha persoa física e propietario do barco, deberá achegar copia cotexada do DNI do propietario do barco.

-Se o solicitante é unha persoa física e armador do barco, deberá achegar folla de asiento actualizada en que figure o solicitante como armador do buque e copia compulsada de contrato de arrendamento do buque.

Esta corrección de erros non modifica o prazo de presentación de solicitudes.